

A XERACIÓN NÓS

A Xeración Nós é a denominación que se lle dá ó grupo de escritores que iniciaron a súa actividade nas primeiras décadas do século XX e tiveron como órgano de expresión a revista Nós, fundada en Ourense en 1920. Os membros máis destacados desa xeración son Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Castelao. Posuían unha sólida formación cultural e unha excelente preparación académica; cultivaron con éxito a actividade literaria pero tamén a prosa científica no ámbito das ciencias sociais: arqueoloxía, etnografía, xeografía, historia... Participaron tamén no ámbito da política, primeiramente no seo das Irmandades da Fala e posteriormente no Partido Galeguista.

O núcleo fundamental de Nós (o núcleo de Ourense: Otero Pedrayo, Cuevillas e Vicente Risco) inicialmente viviu de costas á cultura galega. Eran individualistas e rebeldes, mostraban desprezo pola cultura e a sociedade galegas, sentían interese pola literatura europea e polos mundos afastados e exóticos e fascinación polos temas esotéricos. Sen embargo, ó ingresaren en 1918 nas Irmandades da Fala, deron un cambio total: trocaron a fascinación esotérica polo galeguismo, os mundos afastados por Galicia e o individualismo radical polo traballo en común a favor da cultura galega. Vicente Risco en Nós, os inadaptados explica cómo foi posible a evolución desde un pensamento individualista e evasionista ata o galeguismo, movemento esencialmente social e comprometido:

Ora, o problema é coma sendo como eramos e coma somos, individualistas, inadaptados, antisociais, antigresarios, introvertidos, podemos vir a parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é a nosa entrega a Galicia, que na esencia é a afirmación teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, moito mellor do que eu puidese facer, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela Arredor de si.

Arredor de si, máis ca unha novela, é a autobiografía, non só dun home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor, ó que eu pertencín tamén. Polo mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si mesmo sen atoparse endexamais de todo.

Xa dixen como peregrinamos polas cosmogonías, polas metafísicas e polas estéticas. Pois ben, coma aquel inglés de Chesterton que, despois de moitas viaxes polo mundo, atopou unha terra descoñecida que resultou ser a fin de contas a Gran Bretaña, igual nos pasou a nós. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e tras-

voltas polas lonxanías do espacio e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvase do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ó noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filisteia, ofrecíanos un mundo tan extenso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, coma os que andabamos a procurar por aí adiante.

Para salvármonos do vulgar, para evadírmolos do filisteísmo, para redimírmolos do habitual, non cumpría ollar ó lonxe: chegaba con ollar ben preto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos.

A revista Nós

A revista Nós foi fundada por Risco en 1920. A súa publicación tiña unha finalidade pedagóxica e divulgativa: espallar os ideais do galeguismo e, sobre todo, modernizar e europeizar a cultura galega (por exemplo, nas súas páxinas apareceu a primeira tradución á unha lingua do Estado de fragmentos do innovador Ulises do irlandés James Joyce). Ao longo da súa existencia, ata 1936, na revista publicáronse artigos de todo tipo, principalmente literarios pero tamén etnográficos, económicos, arqueolóxicos, etc.

Actividades con textos

Estas son as dúas primeiras páxinas da revista Nós, nas que os seus editores fan unha declaración de intencións e de obxectivos sobre a súa publicación.

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICACIÓIS "NÓS,,

PRIMEIRAS VERBAS

Pra ledicia de todos e pra ensino de moitos, Nós ha ser a repersentación no mundo da persoalidade galega na sua ansia de s' afirmar-coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.

É a-ansia qu'oxe sinte Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nósra Rasa, e mais na eficacia do nósro esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado griorioso. Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nósra orixinalidade especifica, a nósra capacidá de creación, o nósro autóctono dinamismo mental.

Oxe chegou á vida na nósra Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Querendo suprimir entremediarlos antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as suas páxinas a prestixosas persoalidades estranxeiras que cantan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

Endexamais foi meirande a nósra autividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos d' integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo. Nada mais.

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posiciós posibles respeito das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, E, ós que s'asombren da nósra confianza, da nósra firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémossle dicir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que todál-as forzas do esprito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

de sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade. Nós conta achar 'agarimo e xenerosa axuda en todol-os que sintan d' iste xeito.

de todol-os valores galegos: A todol-os que nos lean dos nósros valores tradicionais, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósra Terra.

SAÚDE E TERRA.

■ Le detidamente "As primeiras verbas" da revista Nós e despois contesta ás seguintes cuestións: —¿Que obxectivo pretenden os editores coa publicación da revista? —¿Quen pode colaborar na revista? —¿Que tipo de valores se defenderán na revista? —¿Como se autodefinen os editores? —¿Onde se publica a revista? ¿Con que periodicidade sae?

■ Explica o significado do saúdo que pecha o texto.

■ Os homes do grupo Nós pertencían a unha xeración porque tiñan moitas cousas en común. ¿Cales?

VICENTE RISCO

Vicente Risco naceu en Ourense en 1884 no seo dunha familia burguesa liberal. Estudou Dereito na Universidade de Santiago e Maxisterio en Madrid. Traballou na administración de Facenda de Ourense e posteriormente foi profesor de Historia na Escola de Maxisterio nesa mesma cidade. Finou en 1963.

Vicente Risco, como os outros membros do Grupo Nós (Otero Pedrayo e López Cuevillas), evolucionou desde un esteticismo evasivo, neorromántico e cosmopolita ata un galeguismo universal. No seu caso pódense diferenciar tres etapas:

- Etapa de formación (ata 1917). É a etapa inicial, que coincide coa publicación de La Cen-

turia, unha revista fundada polo propio Vicente Risco, escrita en castelán e arredada da cultura galega. Os colaboradores da revista, entre os que se atopaban os futuros membros de Nós (Otero Pedrayo e López Cuevillas), centran o seu interese nas correntes estéticas e de pensamento europeos e na filosofía e relixións orientais.

- Etapa galeguista (1917-39). É a etapa de maior actividade intelectual e política. Iníciase co ingreso nas Irmandades da Fala a finais de 1917, participando activamente no seu órgano de expresión A Nosa Terra. En 1920 publicou Teoría do Nacionalismo Galego, un dos textos máis influíntes no galeguismo de principios de século, e, nese mesmo ano, participou na fundación da revista Nós, que posteriormente daría nome a todo o grupo xeracional. En tempos da República, fundou con Otero Pedrayo o Partido Nacionalista Republicano, que confluiría máis tarde na creación do Partido Galeguista, abandonándoo cando a súa integración no Frente Popular e formando en Ourense a Dereita Galeguista.

- Etapa non galeguista (1939-1963). Despois da Guerra Civil abandonou por completo o galeguismo e incluso o galego como lingua literaria e retornou á súa actitude individualista, introvertida e escapista da primeira etapa. Aínda así, en 1961 publicaría Leria, un libro que recolle traballos escritos desde 1920 ata 1955, e colaboraría con Otero Pedrayo na edición da Historia de Galicia.

Obra literaria de Risco

Iniciou a súa produción literaria en 1919 cun relato que ten como escenario o mundo de ultratumba: Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros. O seu gusto pola etnografía popular está presente en dúas obras publicadas en 1925: O lobo da xente e A trabe de ouro e a trabe de alquitrán, nas que recrea lendas populares. En 1926 publicou A coutada, obra que ilustra a súa evolución ideolóxica. Nela conta a historia dun matrimonio que vive miserablemente na vila e a causa dunha heranza volta ás súas orixes: a aldea. A interpretación da obra resúmese na oposición entre dous mundos: a vila industrial que lle produce desconfianza e a considera como non galega e a aldea, que representa o regreso do home ós ciclos e ritmos naturais da vida do campo e que considera como a verdadeira identidade do pobo galego. En 1927, viu a luz Os europeos en Abrantes e, en 1928, O porco de pé, a súa obra máis xenuína: unha sátira que ten como protagonista a don Celi-donio, personaxe que só polos seus cartos chega a ser alcalde. Este alcalde representa o ascenso dunha burguesía que ten como única preocupación o diñeiro.

Actividades con textos

Fragmento da obra que Risco dedicou a espertar nas consciencias dos galegos a necesidade de crear en nos a vontade nacionalista.

A razón da nosa campaña
Nós víamos que Galicia se desgaleguizaba,-
nós viamos que Galicia se desfaguía,- nós
viámo-la perda das nosas tradicións, dos
nosos costumes, da nosa fala, da nosa
liberdade. A non curanza dos nosos pais
deixáranos unha Galicia desgaleguizada,
chea de vergoña de si mesma, humildosa e
escrava, disposta a aguantalo todo. Viamos
ós gobernos da España oficial, desa
organización teórica e absurda que asoballa
a verdadeira España, aplicarno-las leis feitas
para as necesidades ou para as comenencias
doutras terras... Viámo-lo éxodo perpetuo

dos nosos irmáns que fuxían da súa terra
non sempre por espírito aventureiro, senón
as máis das veces porque aquí se lles facía a
vida inhóspita e cruel... E viámo-la morte de
tódalas nosas pequeaas industrias, e a
decalvación dos nosos montes e todo un
inmenso tesouro de enerxía perdido na
corrente das nosas augas, e o esquecemento
da nosa literatura, da nosa música, do noso
folclore, da nosa fala, do noso carácter... Era
a morte, a morte sen remedio para a nosa
amada Galicia... E viamos que isto era
porque nos fallaba a vontade nacionalista. E
como no noso sangue sentiámo-lo cantar da

terra, sentiámo-la voz de Galicia que non quería morrer, que non quería deixar de ser Galicia, un valente desexo, unha santa cobiza fíxonos saír das nosas casas onde ousabamos entre volumes cheos de ideas novas onde recollíamo-las correntes de

tódolos ventos do espírito para traballar na reconstitución espiritual, social e económica de Galicia, para crear en tódalas almas de bos e xenerosos a vontade nacionalista.

V. Risco. Teoría do nacionalismo galego.

■ ¿Que entende Risco por desgaleguización?

■ ¿Por que defende a necesidade de gobernarnos coas nosas propias leis?

■ El denunciaba a desaparición das pequenas industrias (seguramente gandeiras e pesqueiras), o mal aproveitamento dos nosos recursos hidrográficos e forestais. ¿Cres desaparecidos hoxe eses problemas?

En O porco de pé Risco satirizou na persoa de D. Celidonio a figura do tendeiro que, aforrando peseta a peseta, chegou a home respectable sen outra virtude que a habilidade para acumular diñeiro. Risco cría que ese tipo de comerciante das cidades pouco tiña que ofrecer a Galicia.

De que meteu os miolos na chistera, don Celidonio fíxose outro. Cando come, aínda fai clape, clape, coma os porcos na maseira, mais xa non come cos dedos, nin lambe o prato nos convites.

Eu penso que non é que metese a testa na chistera, senón a chistera que se lle meteu na testa, de sorte que hoxe domina toda a súa psicoloxía.

Unha chistera semella que non ten nada dentro, dádeslla a un deses prestidixitadores ou ilusionistas que fan títeres nos teatros —mester que precisa protección por parte do Estado, pola transcendencia da súa función social: o ilusionismo enche de abondo a necesidade de sobrenatural, de milagre que pode sentir o público dos varietés— e principia a tirar dela fitas de cores, ovos, pombas que ceiba e voan, vasos de auga con peixes vivos, bonecos, flores, nenos pequenos, e aínda pode que haxa algún que saque automóviles, casas, e canto se lle meta na súa fantasía de máxico de barracón... Mais iso non val ren: o que ninguén pensa é que unha chistera tamén leva dentro ideas, e máis leva tódalas que enchen os Diarios de Sesións das Cámaras, as actas dos Concellos e das Deputacións, as revistas académicas, os artigos de fondo, e a Gaceta. Hai moitos que namentras non a puxeron eran calqueras, e despois chegaron a Ministros. Ideias foi o que tirou da chistera D. Celidonio. Todo o que hoxe sabe tocantes á Orde Social, á Lei do Progreso, ao Principio de Autoridade, aos adiantos das Ciencias, e ás marabillas da Mecánica e da Electricidade —que pouco máis é que o convencemento de que "son unha gran cousa", coma dicía da

virtude o director-redactor-administrador-repartidor da Ilustración Gallega e presidente-fundador-secretario da Academia de Escritores Galegos laureados— sacounos da chistera.

Non é que D. Celidonio non levase antes dentro do corpo todos aqueles principios, todos aqueles respectábeis e incommovíbeis axiomas en que asenta toda sociedade ben constituída, e que se nalgún tempo pareceron esquecidos, hoxe, gracias aos providenciais gobernos que con sabencia guían os destinos dos pobos, volven ser base e asento e pedra angular da civilización. Mais esas ideas, antes de ter chistera, eran aínda esvaidas modulacións da enerxía dixestiva a bateren docemente nas cordas do escaso sistema nervoso, sen que houberan pasado de ser esixencias do aparello gastro-duodenal para se precisaren en conceptos. Foi preciso que D. Celidonio adaptase á súa cúpula unha caixa de resonancia, para que se converteran en flatulencias ideolóxicas.

Podemos sentar esta derradeira hipótese de colaboración do ventre coa chistera na formación de ideoloxía de D. Celidonio, baseándonos nas doutrinas de Turró, que pon a orixe da intelixencia nas sensacións tróficas; porque segundo iso, a fame é a que dá a nacencia ao coñecemento, ¿que non fará a fartura?

A chistera ergueu, non a alzada física, senón tamén a alzada moral de D. Celidonio. A chistera abriulle as portas da Representación pública.

■ Fíxate na oración: "Foi preciso que D. Celidonio adaptara á súa cúpula unha caixa de resonancia, para que se converteran en flatulencias ideolóxicas". Despois de ler todo o texto e en especial o parágrafo en que está incluída ¿cal cres que é o seu verdadeiro significado?

■ Este fragmento é un claro exemplo de mordacidade e sátira, ¿por que?

RAMON OTERO PEDRAYO

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense en 1888 no mesmo edificio ca Risco, con quen compartiría desde neno amizade e formación. Proviña dunha familia fidalga con pazo en Trasalba, no que pasou moitas tempadas ó longo da súa vida. Estudou Filosofía e Letras en Santiago e acadou a licenciatura de Dereito e o doutoramento en Xeografía e Historia en Madrid. En 1910 gañou a cátedra de Xeografía e Historia de Ensino Secundario e exerceu de profesor en Burgos, Santander e Ourense. Deposto da súa cátedra ó estourar a Guerra, adxudicáraselle, en oposición celebrada en 1950, a de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, na que permanecería ata a súa xubilación en 1958. Despois pasou a vivir no seu pazo de Trasalba ata o seu pasamento en 1976.

Ramón Otero Pedrayo desenvolveu un extraordinario labor intelectual e político. Foi membro das Irmandades da Fala, e no seu seo defendeu, xunto con Risco, a orientación culturalista fronte á actividade política; colaborou na fundación da revista Nós; participou nas actividades do Seminario de Estudos Galegos; xunto con algúns compañeiros de Ourense formou o Partido Nacionalista Republicano, conseguindo acta de deputado na provincia de Ourense nas Cortes Constituíntes de 1931. Posteriormente integraríase no Partido Galeguista, resultado da confluencia de diversos partidos galeguistas, entre eles o de Ourense.

Ramón Otero Pedrayo.

Características da obra de Otero Pedrayo

Con Otero cúmprense as ambicións do Grupo Nós: a modernización e creación dunha lingua literaria con vocación universal. A súa obra é moi extensa e abarca moitos ámbitos: o literario (cultivou os tres xéneros: poesía, narrativa e teatro) o ensaístico (escribiu ensaios sobre a cultura galega) e o científico (da súa pluma saíron estudos de etnografía, xeografía e historia).

O estilo literario de Otero é moi requintado. As súas oracións están cargadas de abundantes enumeracións, subordinacións e conxuncións copulativas, polo que a súa prosa resulta exuberante e barroca.

A obra narrativa

Otero Pedrayo iniciou o seu labor literario con tres relatos breves: Pantelas, home libre (1925), O purgatorio de Don Ramiro (1926) e Escrito na néboa (1927). Nelas están presentes os tres grandes temas que se repiten na súa obra narrativa: a identificación coa terra, a figura do fidalgo e a evolución da conciencia galega. Estes temas permiten clasificar as obras posteriores de Otero en novelas realistas ou novelas culturais.

- Nas novelas realistas predominan os temas relacionados coa realidade galega: a identificación coa terra e a figura do fidalgo. A obra máis representativa é Os Camiños da Vida (1928), a súa primeira e máis ambiciosa novela, publicada en tres partes: "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante". Nela reconstrúe con rigor histórico a transformación vivida pola sociedade galega durante o século XIX desde a Desamortización ata a Revolución de 1868. Para comprendermos o significado da novela, debemos saber que Otero prefería unha Galicia rural guiada pola fidalguía; sen embargo, a realidade, e diso trata a novela, é que a fidalguía só se preocupou en vivir de rendas sen comprender os profundos cambios sociais que virían da cidade e da burguesía. Efectivamente, a novela narra a evolución dunha familia fidalga, que vai perdendo o seu peso social e económico que tiña ata entón polo novo ascenso da burguesía urbana. A obra vén ser unha reconstrución histórica —aínda que novelada— dos cambios sociais, económicos e de valores que se produciron en Galicia no século XIX coa desaparición da sociedade tradicional, que tiña, no

mundo rural, como núcleo fundamental os fidalgos e os seus pazos.

Tamén se pode incluír como novela realista *O mesón dos ermos* (1936), unha novela curta na que Otero combina retratos realistas da vida aldeá con descrições de paisaxes.

- As novelas que podemos denominar culturais son aquelas que se centran no tema da evolución da conciencia galega. A máis significativa é *Arredor de si* (1930), unha novela que se adoita considerar como autobiográfica, precisamente porque nela se narra a transformación do protagonista Adrián Solovio que, como o seu autor e os outros membros do Grupo Nós, descubriu Galicia despois de viaxar por Europa e ler todo o que viña de fóra.

Tamén se pode incluír como novela cultural *Devalar* (1935), na que o protagonista é Galicia. A Galicia de guerra dos tempos do Seminario de Estudos Galegos.

O ensaio, o teatro e a poesía

Otero Pedrayo cultivou todos os xéneros literarios e tamén o ensaio. De feito, as súas novelas teñen moito de ensaio histórico ou etnográfico e os seus ensaios, polo seu peculiar estilo, teñen todos algo de literarios.

Entre os seus ensaios sobresaí o *Ensaio histórico sobre a Cultura Galega* (1939), co que descobre ó lector a identidade de Galicia diferente da española levándoo por unha viaxe no tempo. Define a cultura galega como europea e atlántica porque compartiu con Europa e non co resto do Estado español etapas decisivas na súa formación: o celta, o románico e o barroco. Outros ensaios foron: *Guía de Galicia* (1926), *Polos vieiros da saudade* (1952) e *O espello do serán* (1966).

Actividades con textos

Este fragmento é un perfecto exemplo do significado da novela. Otero reconstrúe unha época, o Antigo Réxime, e os seus protagonistas: fidalgos, cregos, campesiños e a burguesía cidadá.

O máis vello, o herdeiro, ou o maorazgo, como acostumaban a chamarlle, desque foi mozo pasaba os máis dos días fóra da casa. Ás vegadas nin vir a durmir ó pazo. Tanto el como o irmán segundo foran criados na ociosidade polas mans de criadas comichonas e nas cuadras coas bestas. Misia Chinta quería-lles moito, mais non tiña chisco de xenio nin podía coa nugalla do seu home.

Don Caetano gostaba de manter tres ou catro facos, por lle parecer cousa digna do seu rango. Os rapaces só aprenderon a montar e cando tiveron tempo adicáronse ás mozas. Era o herdeiro un mozote de arredor de vinte e cinco anos, pequeneiro de corpo e dende neno rallante e cheo polo orgullo da familia. Cando o señor Pedro, o vello mordomo, o sacaba de neno de paseo, íalle mostrando os eidos da casa e os lugares e terreos que lle pagaban renda. As mulleriñas da aldea saudábano e falábanlle: "Ai, qué señoritiño tan ben posto imos ter! A gala e flor da fidalguía, ¡Dios lle dea tódalas farturas de que é merecente, noso amiño! Inda non naceu a

princesiña coa que ha casar". Na cociña enchíanlle o bandullo de larpeiradas, de viño e zuce. Sempre andaba a bater nos rapaces do monte, mentindo como un xudeu e acusando os irmáns. A señora quíxolle dar educación. Unha noitiña, cando xa o rapaz era un meio home, estaban a carón da cheminea con don Caetano e mais o abade da parroquia, don Xacobo de Castro [...].

Teimaba facer do maorazgo o que se di un señor igual ós que lucían nos saraos de Santiago e nos pazos da Ulla, nos que tiña demorado de nena cos parentes, Aquela noite o rapaz fixera rabear a tódolos da casa; rabenáralle o rabo ó can, que pasou o serán ouveando nunha corte, rabuñou a unha das pequenas no berce e a pouco prende lume á palleira cun fachico que acendeu na cociña. Ollando tales destragos e considerando a medra da mocidade do rapaz determinouse a falar e pediu ó abade que esculcara un bo mestre para o latín.

A gargallada do crego figuraba non ter remate; don Caetano demorou parvo diante

aquela valentía da súa dona. O crego, afogado pola risa, falou, despois de acugular de rapé nas nocas e esberrar con estrondo:

—E logo, ¿seica teirna facelo crego ou frade? ¡O maorazgo da casa de Trasouto! Endexamais tal cousa pensara da prudencia de Misia Xacinta. As letras sonlle boas para os fillos dos pobres que non gostan do rabo da aixada e queren medrar collidos ás faldras do señorío. ¡Coitado rapaz! Nado herdeiro e fidalgo para escacharse a testa estudando. ¿Vostede que estudou, don Caetano? Cobrar as rendas e mandar na xente. ¿Non é, meu

señor? Para iso naceron. Non, á súa dona non se lle poden esquecer os pozos de ciencia de Sant-lago.

—A metade deles —furou don Caetano— andan comestos coa fame. Non, muller, non me leves ó rapaz por ese camiño. Ten razón que lle abonda o noso abade. As mulleres somentes falades atinadamente da roupa branca ou do goberno da despensa. ¡Deixa o rapaz, miña cousiña, que goce os dereitos do seu sangue!

Otero Pedrayo. Os camiños da vida.

- Busca nos personaxes deste fragmento un exemplo de cada estamento social do Antigo Réxime e desde a reconstrución, por suposto subxectiva de Otero, saca as túas propias conclusións sobre a súa función dentro da sociedade da época.
- ¿Que valor lle dá Otero ó coñecemento e ó estudio?

Neste fragmento descubrimos a mensaxe principal da novela máis querida para o seu autor. O texto, nunha lectura superficial, conta o regreso de Adrián e a morte do seu máis prezado mestre, pero en realidade fala dunha viaxe especial, a viaxe feita por el e os seus amigos do Grupo Nós que os trouxo de regreso a Galicia para comprometerse co seu futuro.

Anoitecendo o segundo día, chegou Adrián á estación. Viña máis fraco, desfeito da viaxe. A nai, refuxiándose no seu peito, chorou por fin bágoas consoladoras. Fuxía a derradeira inquietude da cara do doente e a súa man acariñaba a testa do sobriño axeonllado. Na noite ficaron sós. Entón o doente faloulle ó Adrián:

—Meu fillo, vai ó despacho e descolga aquel mapa grande... quero velo antes de morrer... O sobriño coa axuda do señor Pascual trouxo á alcoba o mapa de Fontán. Pendurárono da parede. Os ollos do enfermo reviviron. A man figuraba sinalar horizontes. Unha pura alegría animaba a cara murchiña e branca, cunha vela na man, ía alumando os lugares que o vello dicía con voz lonxana: Corme, Laxe, Caramiñas, Niñóns... Adrián non sabía sempre atopar os sitios. O enfermo falaba:

—Non, á dereita, á esquerda, un pouco ó norte. A vela alumou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de aldeas, de ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños.

Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros ós muíños e ás

feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, galgar de ondas nos cons, velas que saen roselando o mar, orbaileiras sobre as arboredas mestas, rúas de velas cidades, soldades de esquecidos mosteiros.

Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser. Treméndolle a man foi alumando todo o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeñas xémeas do val onde eles estaban; parou un instante como un cirio funeral no nome da aldeña na que morría D. Bernaldo e logo foi percorrendo todo o debuxo das fronteiras e costas da Galicia. Don Bernaldo xa non falaba. Sorría. Grosas bágoas queimaban as fazulas do Adrián. Tivo que saír á sala e liberar os seus saloucos na fiestra, cara a noite. Logo, atendendo ós signos do doente, púxolle o crucifixo nas mans. Xa non o afastaba dos beizos.

Chegaba dona María co abade. Un feble suspirar fuxía axiña do leito. O crego murmuraba as oracións de agonía. Un rumor como o da derradeira auga dunha fonte que se enxoi-ta. Don Bernaldo morría docemente, e unha negra sombra corría sobre o mapa de Galicia.

Otero Pedrayo. Arredor de si.

- Adrián, o protagonista e alter ego de Otero, descoñece a situación de vilas galegas nada pequenas. ¿Que debemos interpretar?
- De súpeto, tras eses lugares ¿que se lle aparece a Adrián no seu maxín?

Neste fragmento Otero explica, a través do seu protagonista Adrián Solovio, a súa valoración sobre a lingua galega.

Algunhas veces Adrián coidaba ouvir un baixo latín cheo de mocidade e de futuridade. No comercio cos laregos, o desperto sentido crítico de Solovio aprendeu ben pronto a falsidade dunha afirmación na que el por costume e preguiza, participara: a de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e Filosofía por exemplo. Pois des que Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado, non tiña que loitar contra a lingua demasiado feita e traballada que lle impuña unha retórica moi-

tas veces enxoiadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión había unha garantía de mocidade. Tampouco ollaba a morte diaria do galego nos beizos dos paisanos que falaban castelán por influencia da cidade e de América. Era un castelán exterior e falso. Na construción da frase, no acento, na alma das verbas falaban galego disfrazado doutra cousa transitoria.

Otero Pedrayo. Arredor de si.

Busca no texto referencias á invalidez da lingua galega para o mundo moderno e contrástao co labor emprendido polas Irmandades, o Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos.

■ Reflexiona sobre a influencia que a emigración, segundo o texto, tivo para a penetración do castelán en Galicia.

CASTELAO

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao naceu en Rianxo en 1886 no seo dunha familia mariñeira. Ós dez anos emigrou, coa familia, á Pampa arxentina. Regresou cando contaba catorce anos. Por desexo do pai, estudou medicina, pero non chegou a exercer a profesión de médico; como el diría máis tarde, "por amor á humanidade". Ensinou debuxo no Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra.

A súa biografía está estreitamente relacionada coa súa actividade literaria e política. Entrou no galeguismo en plena efervescencia agrarista cando coñeceu en Madrid a Basilio Álvarez; foi membro das Irmandades e colaborou como director gráfico da Revista Nós. En 1929 ingresou na Real Academia Galega; participou activamente na fundación do Partido Galeguista e chegou a ser deputado en Madrid por Pontevedra durante a II República. Ó estourar a Guerra Civil, atopábase en Madrid para entregar ó Presidente das Cortes o texto do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia que viña de ser aprobado en referendo. No exilio foi nomeado ministro do Goberno Republicano en 1944.

Viaxou por Cuba, Nova York e Moscova para conseguir o apoio internacional á República e para expoñer a súa obra gráfica. En 1946 fixou a súa residencia en Bos Aires. Alí morreu en 1950, despois de liderar a resistencia política galeguista desde o exilio.

Características da obra de Castelao

Castelao, aínda que colaborou activamente cos membros do grupo Nós (foi o director artístico da revista), ten características particulares que o diferencian dos escritores ourensáns.

A nivel ideolóxico, o seu pensamento está afastado do conservadorismo do grupo Nós. Castelao sempre mantivo un sincero compromiso coas clases máis populares, en parte porque a súa procedencia social era tamén humilde. Esta afinidade co popular influíu de forma determinante na súa obra, escrita para desvelar as razóns de miseria e sumisión do pobo nun estilo que, sen ser vulgar, podía ser comprendido polos labregos e mariñeiros sen caer na intelectualidade elitista de Risco e Otero. Pero o seu estilo accesible non quere dicir falto de fondura e de sensibilidade; todo o contrario: cun vocabulario popular e unha sintaxe sinxela conseguiu construír personaxes cheos de

humanidade.

Castelao conseguiu reflectir coma ninguén os sentimentos, virtudes e defectos do pobo galego porque ante todo quería ofrecer a verdade: o bo e o malo, para poder recoñecernos e mellorar. E para chamar a atención do lector botou man do humorismo transgresor e satírico, recurso que lle serviu para mostrarnos situacións cotiáns profundamente absurdas e incongruentes. A súa concepción do humor aparece recollida na cita de Mark Twain (pseudónimo do escritor norteamericano Samuel Langhorne Clemens) no inicio do libro *Un ollo de vidro*: "Debaixo do humorismo hai sempre unha grande dor; por iso no ceo non hai humoristas".

Efectivamente, as obras de Castelao, como as do seu mestre estadounidense citado, caracterízanse polo humor franco, ás veces absurdo, que tende cara á crítica social. Velaquí un fragmento da obra *Un ollo de vidro*:

Quixen saber quen fora o vampiro no mundo dos homes e fun ler o seu nome de bronce no rico mármore da campa. O seu nome só abondoume: fora un canalla que roubara para dar regalía ó seu bandullo de porco,- dono da xusticia, roubara desde a súa comfortable casa. ¿Para que dicir máis? Era..., ¡era un cacique!

A obra literaria de Castelao

Castelao foi un creador polifacético, un artista moi completo, que traballou a creación literaria e ensaística e desenvolveu unha ampla actividade gráfica, como caricaturista ou humorista gráfico. A continuación só nos deteremos na actividade literaria e ensaística.

A súa primeira obra narrativa, *Un ollo de vidro*. Memoria dun esquelete, publicada en 1922, é un retrato satírico da sociedade galega da súa época. Un esquelete conta a dous compañeiros de cemiterio, que el percibe a través do ollo de vidro que lle colocaran en vida no oco dun ollo perdido, historias da súa vida pasada. Esas historias conteñen denuncias, en clave irónica, de actitudes e situacións características da sociedade de entón. Castelao sérvese do humor como un excelente recurso para desvelarnos o que hai de absurdo na vida.

Cousas é a súa obra máis orixinal. Son un conxunto de 45 relatos breves, que combinan, coa excepción de un, imaxe gráfica e texto. Foron publicados en gran parte na prensa da época e recollidos nun libro en 1934. Estes orixinais relatos, que Castelao denominou *Cousas* por simplificación do popular aforismo "son cousas da vida", desenvolven asuntos de temática variada, en moitos casos de ambiente campesiño ou mariñeiro. Velaquí dous exemplos:

Retrincos (1934) é un conxunto de cinco relatos nos que Castelao evoca vivencias da súa infancia e mocidade. Neles reflexiona sobre diferentes aspectos da vida humana, sempre desde unha postura solidaria cos menos favorecidos.

Os dous de sempre (1934) é a única novela que escribiu. Está estruturada arredor da vida de dous personaxes antitéticos en canto á súa procedencia social, capacidades, esforzo, etc. A novela invita a reflexionar sobre a vontade do individuo pero tamén sobre como a influencia do ambiente familiar axuda a superar as adversidades da vida. Pedriño recibe os mimos dunha tía que o converte nunha persoa feble de carácter e lacazán pero prospera gracias á axuda da súa sogra. Rañolas medra nun entorno familiar carente de cariño, pero pola súa forza de vontade logra un lugar de respecto na sociedade, sen embargo, a pesar de todo o acadado, non logra satisfacer as súas arelas de liberdade. Unha vez que se ve atado ó traballo e á responsabilidade, decide acabar coa súa vida.

Sempre en Galiza é o seu ensaio máis importante. Nel expón o seu pensamento político e afirma que Galicia é unha nación porque ten idioma e un territorio con personalidade económica e cultural propias.

Actividades con textos

Este breve relato pertence a Cousas. Nel aparecen as características literarias de Castelao: precisión, humor, tenrura e denuncia social.

A vella non para de gabar a súa felicidade.
—Esta rapaza baixou do Ceo para ledicia da miña vellez. Un anxo que me mandou o No-so Señor. Unha florina bonita que naceu do meu corpo de terra. ¡Ai, que sería de min, soa no mundo sen agarimo de ninguén! A vella segue debullando gabanzas.

—Esta miña filla é unha santa, porque as súas manciñas milagreiras saben esvaer dores e curar feridas. Ela encheu de luz a miña noite e fixo quencer a miña vellez. ¡Que sería de min, orfiña de todo, a morrer esterri-cada nun camiño calquera! A vella segue a súa ladaíña de gabanzas.

—O meu corpo perdeu os seus remos, pero velaí están rexos e fortes os remos da miña rapaza. Cando cansaron os meus brazos tra-

ballaron os brazos dela. Cando as xeadas embazaron os vidros das miñas fiestras eu aínda vexo camiños polos ollos limpos da miña filla. ¡Ai, que sería de min! Dos beizos chuchados da vella van saíndo parolas acesas de contentamente.

—Ela era miña filla e agora é miña nai. ¡Que sería de min sen esta naiciña que me agari-ma! ¡Ai, e cando eu morra terei quen pregue por min ao Ceo! A vella segue arreo gabando a súa felicidade. Un día pregunteille á vella: —¿Quen foi o pai da súa filla? E a vella res-pondeume:

—Non sei cómo se chamaba; pero... ¡aben-zoado sexa o seu nome!

Castelao. Cousas.

■ Analiza en qué medida este texto exemplica a habilidade de Castelao para, sen ser "cursi", conmo-vernors.

■ ¿Que tipo de humor destaca no texto? Cres que é motivo de risa ou precisamente o autor sabe va-lerse do humor para que sintamos vergonza de por que nos estamos a rir e recapacitemos. Razoa a túa res-posta.

Outro relato de Cousas. Agora desde a perspectiva dun neno, Castelao cóntanos as súas ilusións ante a chegada da emigración do pai descoñecido.

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do Porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angrentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos máis que non o eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

Castelao. Cousas.

O neno vira antes de saír o retrato de seu pai, sen embargo escolle entre moitos homes a aqueles que se parecen máis ó retrato do pai que el quere, necesita, ou desexa ter pero a realidade é moi diferente. ¿Que cres que intenta facernos pensar Castelao?

"¿Cal é a visión que nos dá Castelao da emigración?"

A continuación un dos contos de Retrincos. Resulta ser outra mostra do seu peculiar humor e capacidade de afondar nos sentimentos humanos.

O retrato

Por amaina-la conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licenza oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Deume as boas noites e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. ¡Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha grande ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira... —Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

—O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; ¡váiseme e non teño ningún retrato seu! Ai, eu non fora chamado como médico,- eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir. E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razoamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo. A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola. Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor. —¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar. Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me radiaban as entrañas:

—Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor! ¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lapis, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo. Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada senteime a debuxalo que ollaban os meus ollos de terra, e soamente ó cabo dalgún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoadado, coma un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríame con estas verbas:

—Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste.

Confeso, que ó volver á realidade non souben qué facer, e púxenme a repasa-las liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor: —Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retábulo barroco, a sorrir.

Entregue! o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer o pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera. Agora Melchor consolase ollando a miña obra, que está pendura enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo: —Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velá está o retrato que non mente.

Castelao. Retrincos.

- Por que ó pai lle pode gustar menos o retrato de Castelao que o debuxo froito da súa imaxinación?
- Os antropólogos entenden os ritos funerarios como unha maneira de assimilar a morte dun ser querido e de vencer o medo que todos sentimos ante a súa chegada imprevisible e irremediable. Cres que un retrato idealizado é un bo xeito de manter viva a memoria dun ser querido? ■ Reflexiona sobre estas afirmacións e explica con cal delas te identificas: A linguaxe serve para delimitar a realidade ou o feito das palabras distorsiona o mundo que habitamos.

Fragmento do pensamento político de Castelao recollido en Sempre en Galiza. Nel fai unha afervoadada apoloxía da lingua galega.

A esta fala popular, viva e gloriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu preguntaría-lles: "¿Dialecto de que idioma?". "¿Do que vós chamades español?". De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxestes pola forza é un irmán menor do galego. "¿Acaso queres dicir que é dialecto do latín?". Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italiano, ao rumano, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego. E diríalles máis: "Prohibistes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicasen o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de xustiza e chegastes a castelanizar barbaramente as toponimias galegas. E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

Algúns galegos de boa fe coidan que o cultivo do noso idioma é unha impedimenta de traballo na emigración. Mais eu quero invítalos a meditar: ¿Pensades que a nosa Terna pode seguir sendo un criadeiro de carne humana, para enviar ás Américas en paquetes teutóns? Porque o noso deber está en asegurar o dereito ao traballo remunerado para que ningún irmán noso emigre por

necesidade. ¿Pensades que os galegos poden seguir andando polo mundo a ofrecerem Indignamente a mercancía dos seus lombos e dos seus brazos? Porque o noso deber está en armar o pobo dunha instrución primaria, profesional e técnica, que lle permita ser digno en todas as partes, e en todas as partes atopar as vantaxes que se lle ofrecen a un Inglés, a un alemán... ¿Ou é que na emigración resulta superior un castelán a un galego por falar unha lingua máis extensa? A superioridade non está no idioma que se fala,- está no que se sabe, no que se di e no que se fai.

Algúns homes —galegos tamén— andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección baixando pola escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeo de chegaren a ser deus, e renegan das inxedanzas que produce a sabedoría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é un signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí val a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas argentinas ríncha igual que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal...

Castelao. Sempre en Galiza.

■ Castelao esgrime moi habilmente a defensa da lingua galega baseándose en sólidos argumentos, ¿cales?

A prosa das Irmandades da Fala

Este xénero experimentou uns avances notables na época das Irmandades. Así o demostran, por exemplo, os seguintes feitos:

—A aparición, por primeira vez ñas nosas letras, do ensaio, un privilexiado medio de difusión da ideoloxía nacionalista.

—O desenvolvemento da prensa en galego.

Entre os periódicos máis representativos compre destacar A Nosa Terra (1916-1936), que tivo como primeiro director a Antón Vilar Ponte e como colaboradores (ademais do devandito

A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso: sen a lingua morreremos como pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal. [...] Eu pensó que as únicas setas que van sempre rectas a turar o branco do futuro son aquelas que se lanzan valéndose do arco da nosa lingua, xa que só entón nos mostramos orixinais. Eses que viven de costas ás orixes dificilmente poderán redimirse da servidume do mimetismo. ¿Que cousa máis orixinal que a lingua dun pobo, xerada por accións e reaccións seculares entre o home e a Natureza, para facelo diverso no universo?

Antón Vilar Ponte, Pensamento e sementeira

Vilar Ponte) a Xoán Vicente Viqueira, Vicente Risco, Castelao...

—A difusión de varias coleccións de narrativa, por exemplo: Céltiga (1922-1936) ou Lar (1924-1927). Estas coleccións serviron de soporte para moitas creacións dos novelistas do momento.

Os máis importantes ensaístas das Irmandades foron:

Xoán Vicente Viqueira (1886-1924). Dunha sólida formación académica (doutor en filosofía e catedrático de psicoloxía), vinculouse moi cedo á ideoloxía nacionalista. Foi autor de numerosos artigos aparecidos, sobre todo, en A Nosa Terra.

Antón Vilar Ponte (1881-1936). Principal artífice da renovación ideolóxica das Irmandades, xa que, máis alá do seu labor como prosista, foi un destacado político e exerceu como animador da vida cultural. Escribiu numerosos artigos, discursos, ensaios..., os cales foron recollidos en 1971 no volume Pensamento e sementeira.

Ramón Vilar Ponte (1890-1953). Irmán de Antón, foi un dos máis brillantes ensaístas das Irmandades. O seu libro Doctrina nazonalista (1921) constitúe o primeiro tratado teórico do nacionalismo galego.

Entre os prosistas de ficción da época das Irmandades destacaron:

Leandro Carré Alvarellos (1884-1976). Escribiu varias novelas, algunhas delas publicadas na mencionada colección Lar: Naiciña (1926) ou O xornal de Mavi (1927).

Xosé Lesta Meis (1887-1930). De formación autodidacta, é o narrador máis salientable das Irmandades. As súas obras máis importantes son as novelas Manecho o da rúa (1926) e Estebo (1927). As dúas teñen en común o estilo realista e a combinación de espazos da aldea galega e a emigración en Cuba.

Denantes de chegar a Triscornia, que está no alto do monte da Cabaña, Estebo botou a vista atrás. Viu a Habana chea de luces. Os tranvías moi alumeados, ó correr dun sitio pra outro, somellaban xogos de luces que iban e viñan polo aire pra facer bonita a cibdá. Estebo non vira un tranvía nin sabía como eran. Naquel tempo aínda nonos había na Cruña. Quedou admirado. Na súa alma volveu

nace-la ilusión da fermosura da Habana que tiña na aldea. E como nono poido ver mais que dun vistazo, porque había que seguir pra diante, foi mais grande o efeuto que lie produxo. Xa dou por ben empregado todo o que pasara no viaxe. Agora, inda que lie ofrecerán lévalo a Galicia non iba. Primeiro quería ver ben cómo era a Habana. Xosé Lesta Meis, Estebo